



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 30 DE ABRIL DE 2009.-

<u>Sres. Asistentes.</u>	
<u>Sr. Alcalde:</u> Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo <u>Sres. Concelleiros:</u> Dna M ^a Victoria Montenegro Paz Dna Ana M ^a Fernandez Coira Dn. José Salvador Ferreiro Montenegro. D. Francisco García Prego. D. Manuel Rodríguez Doval. Dna Belén Abeal Pérez Dn. José Manuel Cendán Fernández. Dn. Francisco José Echevarría Lage. Dn. Fernando Otero Prieto. Dna. Mercedes Grande Regueiro. Dna. Josefina Martínez Martínez. D, Luis Cendán Fernández. <u>Sr. Secretario:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e nove minutos do día trinta de abril de dous mil nove, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudio e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 15 DE MARZO DE 2009.-

O Concello Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación a acta da sesión extraordinaria celebrada polo Concello o día 15 de Marzo de 2009.

Punto núm 2.- DAR CONTA DO ESCRITO DA SALA SEGUNDA SECCION TERCEIRA DO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL NÚM. DE RECURSO 1512-2008-J.

Dase conta do escrito da Sala Segunda Sección Terceira do Tribunal Constitucional, núm. Recurso 1512-2008-J, de data 9 de marzo de 2009, na que se comunica: ***“La Sección ha examinado el recurso presentado por el recurrente no ha satisfecho la carga consistente en justificar la especial trascendencia constitucional del recurso (art. 49.1 de la Lei Orgánica del Tribunal Constitucional, redactado pola Lei Orgánica 6/2007 de 24 de mayo), que es algo más y distinto a la mera afirmación –sobre cuya verosimilitud nada cabe decir- de que el***



propio derecho fundamental ha sido violado. Esta omisión impide la admisión a trámite del recurso (art. 50.1 a) LOTC).

Notifíquese con indicación de que, si el Ministerio Fiscal no hubiere interpuesto recurso de súplica en el plazo legal de tres días, se archivarán estas actuaciones sin más trámite (art. 50.3 LOTC)."

O Concello Pleno acorda darse por enterado.

Punto núm 3.- ORDENACIÓN E IMPOSICIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.

Interven o Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que o seu voto vai a ser en sentido afirmativo, que pasou pola Comisión Informativa, que é unha proposta consensuada por todos os grupos.

Acto seguinte intervén a voceira do Grupo Municipal do BNG, Sra. Belen Abeal Pérez, manifestando que hoxe a este Pleno traese unha das Ordenanzas e Regulamentos máis importantes para o noso Concello, o Servicio de Axuda no fogar, é un servicio dos máis prioritarios que pode ter un Concello para axudar á Sociedade, poder axudar a persoas que se atopan en situacións críticas da súa vida é o que pon sentido a un Concello, para o BNG era inconcebible que un Concello como ó noso e no ano 2009, non tivera todavía un Regulamento do Servicio de Axuda no Fogar, polo que nos levábamos moito tempo pedindoo, tanto nas Comisións Informativas e incluso eu o pedin aquí nun Pleno anterior, este instrumento axudará a que este servicio comence a funcionar millor, e que tanto os usuarios como os técnicos do Servicios Sociais, teñan claros os seus dereitos e os seus deberes, o BNG pediu que este Regulamento e esta Ordenanza coincidirá coa lei de Dependencia, e a Orde que regula o Servicio de Axuda no Fogar feito por Vicepresidencia, por algo moi claro e que é moi fácil de explicar, para nos todas as persoas que necesitan esta axuda deben de recibila coas mesmas condicións, dándonos igual se se recibe pola Lei de Dependencia ou se é recibida polo noso Concello, a verdade é que nos costou un pouco que as duas coincidirán, debido ós problemas de coordinación entre os servicios sociais, necesitamos varias comisións informativas para que se incluírán algún dos artigos que polo visto perderanse no copia e pega, e isto é algo preocupante, delata unha carencia de inspección sobre os técnicos na Concellería de Servicios Sociais, unha Ordenanza ou Regulamento tan importante como este antes de pasar a unha Comisión Informativa deberían de ser revisados, sobre todo despois de todos os problemas que se denunciaron sobre a Traballadora Social, e debería ser revisada primeiro pola Concelleira e segundo polo Presidente de todas as Comisións Informativas deste Concello que é o Sr. Alcalde, e non estivera demáis que viñera acompañada a esa Comisión do Informe da Secretaria, espero equivocarme ó pensar que non se esta supervisando o traballo dos técnicos do Concello, esto sería moi grave para o funcionamento do Servicio, por exemplo non me gustaría enterarme de que algún dos usuarios, non estivera informado de que si o necesita,



podería ter ó seu servicio o máximo de horas que lle foi concedido, e que se o necesita podería ter incluso servicio todos os días da semana incluídos os domingos, un exemplo é que algúns dos usuarios da Lei de Dependencia, teñen concedido un mínimo de 70 horas e un máximo de 90 horas, se foran necesarias para o usuario o Concello deberá de dar o máximo de horas, e a resposta de que non se pode porque non hai persoal, e esa resposta para o BNG e algo inaceptable, como xa dicen antes este servicio é o máis prioritario do noso Concello, axudar a nosa xente neses momentos que están tan necesitados, non ten prezo, nestas cousas, son nas que se deben gastar os cartos, e se se teñen que facer menos gastos en publicidade, ou menos recepcións ou menos festas, que non se fagan, pero este servicio no pode ter ningunha carencia, e para rematar, aínda que estamos de acordo co Regulamento no 99% do texto, na Ordenanza Reguladora do Prezo Público, temos unha discrepancia que xa expusen na Comisión, trátase na Delegación na Xunta de Goberno Local a competencia de modificar o prezo do servicio, aínda que esta formula pode cumprir coa legalidade, según do informe de Secretaria, dende o BNG veríamos mellor que fora o Pleno desta Corporación na que estamos todos os grupos políticos, o que decidirá estas subidas ou rebaixas de prezo deste servicio, e o mesmo que outras taxas e impostos os revisamos todos os anos neste Pleno como é a auga, pensó que non supoñería ningún problema facer o mesmo con este servicio, e desde logo sería moito máis participativo e democrático, que esta Ordenanza e este Regulamento non se quede so no papel fagamos entre todos que beneficie a nosos cidadáns, sobre todo neses momentos tan críticos polos que pasan eles e as súas familiar. Moitas grazas.

Interven o Portavoz do Grupo Municipal do P.P. Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que en principio que ía a explicar o sentido do voto, que están de acordo coa Ordenanza e co Regulamento, pero vistas as manifestacións da Voceira do BNG que lle antecedeu, vai a explicar a su postura e dilatar un pouco máis a intervención. Nos habíamos aprobado o que erab as ordenanzas copiadas por outros Concellos da Comarca, e cando aprobamos estábamos a falar dunha valoración hora de 6 euros a hora, nos daba a pagar a maioría das persoas casi a metade do que cobraban, por eso non a poidemos aplicar, aínda que estamos obrigados tanto pola Deputación como pola Xunta de Galicia a ter copago, a aprobación destas taxas que creo que son asequibles, estamos a falar de 12 ou 15 euros por familia ó mes, para ser a primeira vez que se pon o cobro, se cobra unha taxa casi insignificante para as facendas destas persoas, creo que é un bo principio, creo que tanto a Ordenanza como a taxa cumpren coa Lei da Xunta de Galicia, é unha boa cousa que por unanimidade se quite este tema, quero deixar claro que nos vamos a votar favorablemente.

Sometido o asuntos a votación o Concello Pleno por unanimidade acorda, prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte acordó:



1º.- Prestar a súa aprobación a inicial a Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola Prestación do Servicio de Axuda no Fogar por libre concorrencia e a persoas valoradas como dependentes, que figura como anexo ó presente acordó.

2º.- Someter a información pública a presente Ordenanza polo prazo de 30 días, ós efectos de reclamacións e alegacións, significando que no suposto de non presentarse o acordó inicial elevarase automaticamente a definitivo.

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACION DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCIA E A PERSOAS VALORADAS COMO DEPENDIENTES.

ARTIGO 1 NATURALEZA E FUNDAMENTO

De conformidade co previsto no artigo 127 en relación co artigo 41, e segundo as normas contidas no Capitulo VI do Título I do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Ares establece o prezo público polo Servicio de Axuda no Fogar por libre concorrencia e as persoas valoradas como dependentes segundo a Lei 39/2006 de 14 de decembro de Promoción da Autonomía Persoal a Atención as persoas en situación de Dependencia e a orde que regula o Servicio de Axuda no Fogar na Comunidade Autonoma de Galicia.

ARTIGO 2.- CONCEPTO

O prezo público regulado neste acordo constitue unha prestación patrimonial de carácter público que se satisfará polos usuarios que voluntariamente soliciten a prestación do Servicio de Axuda no Fogar.

ARTIGO 3.- OBRIGADOS AO PAGAMENTO

3.1.- Están obrigados ao pago todas aquelas persoas que sexan dadas de alta no Servicio de Axuda no Fogar por libre concorrencia e aquelas persoas unha vez recoñecidas coma dependentes ao abeiro da Lei 39/2006 de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal a Atención ás Persoas en Situación de Dependencia e teñan Resolución do Plan



Individual de Atención (PIA) no que se lles recoñezca o citado servico, en calquera das súas modalidades, de acordo co estipulado no Regulamento do Servico de Axuda no Fogar do Concello de Ares.

Se o/a Beneficiario/a do servico carecera de capacidade para obrar, dita obriga recaerá sobre quen ostente a súa representación legal ou, no seu caso, sobre que exerza de feito o seu coidado.

3.2.- A obriga do pagamento do prezo público nace dende o momento da alta no Servico, calquera que sexa a súa modalidade.

ARTIGO 4 .- CONTIA DO PREZO PUBLICO

4.1.- A contía do prezo público regulado no presente acordo será o fixado nas tarifas contidas nos apartados seguintes referida a unha hora de prestación do servico, e que se determinará do seguinte xeito:

Aos efectos previstos para a aplicación das tarifas do presente artigo, o importe do prezo público será de 6,02 €/hora.(se aplicará anualmente o IPC correspondente)

O abeiro do establecido no artigo 47.1 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facenas Locais, delégase na Xunta de Goberno Local a competencia para a modificación de ditos importes en función das variacións no custe do servico.

O calculo da cota mensual se realizará co nº de horas mensuais prestadas x prezo/hora

4.2.- A participación das persoas usuarias na financiación do servico será a seguinte:

- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior a o Indicador Público de Rendamentos de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custe do servico. I

2.- Para o resto dos supostos :



As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 100% e o 150% do IPREM asumirán un 10% do custe do servicio.

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 150% e o 200% do IPREM asumiran un 12% do custe do servicio.

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 200% e o 250% do IPREM asumirán un 15% do custe do servicio

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 250% e o 300% do IPREM asumiran un 20% do custe do servicio

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 300% e o 350% do IPREM asumiran un 28% do custe do servicio

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 350% e o 400% do IPREM asumiran un 37% do custe do servicio

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 400% e o 450% do IPREM asumiran un 45% do custe do servicio

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 450% e o 500% do IPREM asumirán un 60% do custe do servicio

As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 500% do IPREM asumiran un 65% do custe do servicio.

4.3.- Capacidade económica da persoa usuaria

Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a que se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria a un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ó seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban, que comprenderán os



rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

Para o cómputo do patrimonio ateranse ó disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. No supostos de cotitularidade, so se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.

No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o receptor ou receptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados receptores.

A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 ós 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

ARTIGO 5.- CONDICIONES DE PAGAMENTO

1.- A obriga de pagamento nace no momento en que o beneficiario reciba a prestación do servizo



- 2.- O pagamento da cota realizarase mensualmente no mes inmediato seguinte, a traves de domiciliación banaria que autorizará a persoa usuaria do servizo por escrito
- 3.- Se a algunha persoa non se lle prestase o servizo por causas non imputables á mesma, léase por inconcintes derivados de organización intena do propio servizo, terá dereito a un desconto proporcional ao tempo que estivo sen atención á hora de abonar a cota mensual.
- 4.- En caso de suspensión temporal do servizo descontarase das cotas a parte proporcional que lle corresponda mensualmente.
- 5.- As débedas polos prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio.

ARTIGO 6.- NORMAS DE XESTION

- 6.1.- A presentación das solicitudes e documentación a presentar regúlase segundo o disposto no Regulamento do Servizo de axuda no fogar do Concello de Ares.
- 6.2.- As liquidacións practícaranse mensualmente nos primeiros quince días de cada mes mediante a aprobación de padróns ou matriculas deste prezo público, de conformidade co informe facilitado polo servizo en relación ao mes inmediato anterior.
- 6.3.- O impago excepcional dunha mensuralidade suporá, en caso de xustificación motivada ao departamento de Servizos Sociais polo usuario do servizo, a acumulación da mensuralidade a pagar no mes seguinte. Se a mensuralidade acumulada fose obxecto de impago novamente procederáse á extinción do servizo.

O impago excepcional dunha mensuralidade sen xustificar por un tempo superior a 30 días suporá á extinción do servizo.
- 6.4.- Aprobada a alta no servizo, esta manterase mentres o grao e nivel de dependencia da persoa valorada non varíe e non haxa comunicación expresa dos órganos de valoración autonómica dun cambio no seu Programa Individual de atención, ou, nos casos de libre concorrencia, non existan cambios que así o indiquen.
- 6.5.- A forma de prestación do servizo, a autorización ou cese e a prórroga do mesmo regularáse de acordo co Regulamento do Servizo de Axuda no fogar do Concello de Ares.



6.6.- O presente acordó entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/4985, de 2 de Abril, continuando a súa vixencia ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Punto núm. 4.- APROBACIÓN REGULAMENTO DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ARES.-

Dada conta do Regulamento do Servico de Axuda no Fogar do Concello de Ares.

Acto seguinte sometese a votación e o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia:

1º.- Prestar a súa aprobación a inicial ó Regulamento do Servico de Axuda no Fogar a persoas valoradas como dependentes, que figura como anexo ó presente acordó.

2º.- Someter a información pública a presente Regulamento polo prazo de 30 días, ós efectos de reclamacións e alegacións, significando que no suposto de non presentarse o acordó inicial elevarase automaticamente a definitivo.

REGULAMENTO DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE ARES

De conformidade coas competencias que en materia de prestación de servizos sociais teñen atribuídas as corporacións locais, de acordo co disposto no artigo 25.2 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e conforme co establecido na Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais de Galicia, no Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, e na Orde do 22 de xullo de 1996, establécese a necesidade por parte deste Concello de Ares de regular mediante normativa municipal axeitada, o servizo de axuda no fogar.

Unha vez aprobada a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, establececese un novo marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de



prestación e aspectos procedementais e organizativos do servizo de axuda no fogar, de maneira que, sen prexuízo da autonomía municipal na configuración concreta e na xestión do servizo, establécense pautas de carácter xeral que aseguren un nivel equitativo de atención a tódalas persoas en situación de dependencia.

Este regulamento ten por obxecto:

Primeiro: A regulación do dito servizo, establecendo normas e criterios, que respondendo a principios equitativos de xustiza social, rexerán as modalidades de prestación desde, así como as súas características, relacións entre o Concello de Ares e persoas usuarias, situacións, dereitos e obrigas respectivas.

Segundo: O establecemento do importe do copago pola utilización do SAF de conformidade co previsto no artigo 117, en relación co artigo 41 b) da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais.

Correspóndelle ó Concello de Ares a prestación directa do servizo, organización, xestión e dirección técnica, a recollida e tratamento da información derivada da intervención para a toma de decisións, tanto na súa relación coas variacións na organización do servizo como a planificación e a programación, perfeccionamento e apoio ás profesionais que prestan o servizo e a captación e formación do persoal

Capítulo I

Disposicións xerais

Artigo 1º.- Definición

O SAF defínese como unha prestación básica do sistema público de servizos sociais que presta un conxunto de atencións, dende unha perspectiva integral e normalizadora a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, a individuos ou familias no seu fogar cando se atopen incapacitados, temporal ou permanentemente, para realizalas tarefas da vida cotiá manténdoo no seu fogar e integrados no seu medio natural, mellorando a súa calidade de vida.

O servizo terá carácter complementario e transitorio, non eximindo ás familias das súas responsabilidades. A súa planificación, coordinación e control correspóndelles ós servizos sociais do Concello de Ares. No caso de usuarios/as que teñan recoñecido o grao e nivel de dependencia este servizo poderá ter carácter definitivo.



Artigo 2º.- Obxectivos:

O obxectivo xeral do servizo é prestar unha serie de atencións e coidados os cidadáns no seu domicilio naquelas situacións en que teñan limitada a súa autonomía persoal, ou en situacións de desintegración familiar, para proporcionarlle la posibilidade de continuar no seu medio natural mentres sexa posible e conveniente.

Os obxectivos específicos son os seguintes:

- Previr situacións de crise, persoal ou familiares, prestando unha serie de atencións de carácter persoal, a aquelas persoas que se atopen nunha situación de especial necesidade.
- Favorecela permanencia das persoas no seu medio habitual, sen que diminúa a calidade desta, por problemas de saúde, incapacidade, etc..
- Evitalos internamentos non desexados ou innecesarios.
- Integralas persoas ou familias na vida comunitaria estimulando e motivando o desenvolvemento pleno dos seus intereses e capacidades e evitando o desarraigo, illamento e a marxinação.
- Axudar á familia a asumir as súas responsabilidades respecto da atención ós seus membros, así como fomentar actitudes que favorezan a reestruturación familiar.
- Reforzar los vínculos existentes ou fomentar novos vínculos do usuario coa familia, veciños/as e contorno.

Evitalo illamento e abandono persoal do/a usuario/a.

Apoialas familias e menores naqueles casos onde a atención sexa deficitaria ou problemática.

- Implicalos propios destinatarios do servizo na resolución da súa problemática persoal ou familiar.

Artigo 3º.- Contido do servizo



No servizo de axuda no fogar poderan prestarse os seguintes tipos de atencións:

1) Atencións de carácter persoal:

- Apoio para a mobilidade dentro do fogar.
- Axuda para o aseo e hixiene persoal.
- Axuda para comer.
- Supervisión das tomas de medicación simple prescrita polo médico.
- Compañía.

2) Atención de carácter doméstico:

- Alimentación (compra e preparación de alimentos no fogar).
- Roupa (comprenderá lavado, pasa lo ferro, etc..)
- Limpeza básica do fogar.

3) Atencións de carácter psicosocial e educativas: Refírese ás intervencións de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais de afectividade, da convivencia, e da estrutura familiar, da organización da economía doméstica e da integración na comunidade onde se desenvolva a vida do usuario. Este tipo de atencións concretaranse en:

- Cambios de hábito de orde e limpeza administración da economía doméstica, organización doméstica, acompañamento ó médico e para a realización de xestións, motivación a participación en actividades sociais, apoio e orientación nos cambios da dinámica familiar, axuda para a relación co contorno, etc..

4) Atencións de carácter técnico e complementario: Refírese a xestións ou actuacións que poidan ser necesarias ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para que continúen en condicións axeitadas ou para permitir co apoio das novas tecnoloxías unha atención inmediata en situacións de crise ou emerxencias, tales como teleasistencia e outras actuacións encamiñadas á adecuación funcional do fogar.

Todas elas terán un carácter excepcional e complementario das propias capacidades do usuario ou doutras persoas do seu contorno inmediato.

Neste sentido quedan explicitamente excluídas as tarefas de tipo puntual e extraordinario



(como limpeza de altos, limpeza xeral, limpeza de zonas comunitarias, etc..).

Para a realización destas actuacións os/as usuarios/as deberán dispoñer ou proverse dos medios necesarios.

5) Tódalas demais funcións que dentro da filosofía do servizo estimen como necesarias os Servizos Sociais do Concello de Ares.

Capítulo II

Dos beneficiarios do servizo e Modalidades de acceso

Artigo 4º.- Beneficiarios

4.1 - O servizo de axuda no fogar estará aberto a tódalas persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención.

4.2. Darase prioridade no acceso ó servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia. Non obstante, os/as usuarios/as interesados en obtelo acceso á prestación do servizo, por libre concorrencia, quedarán condicionados polo número de auxiliares encargadas da súa prestación que se poidan contratar cada ano en función dos recursos económicos con que conte o Concello de Ares para ese exercicio.

Poderán ser potenciais usuarios/as ou destinatarios do servizo de axuda no fogar os seguintes colectivos:

- Anciáns, que necesiten a axuda de terceiras persoas para o desenvolvemento das necesidades básicas, que non teñan ningún familiar que lles poida prestar esta axuda, e que con este servizo poidan continuar vivindo no seu fogar.
- Persoas con minusvalía, incapacitadas, afectadas por unha lesión, enfermidade física ou mental ou por outros motivos, que precisen axuda e que con este servizo se poida favorecer a súa autonomía ou mellorar a súa calidade de vida.
- Persoas en xeral que pola súa situación de enfermidade teñan dificultade para desenvolverse por si mesmos.-

Familias que atravesan situacións de crise que poidan necesitar apoio na realización das súas actividades habituais.-



Colectivos específicos que presenten situacións de risco ou exclusión social.

- Persoas con dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia (este colectivo terá prioridade na percepción do servizo sobre tódolos demais).

Artigo 5º.- Modalidades de acceso

O acceso ó servizo producirase a través dos servizos sociais de atención primaria, de acordo coas seguintes modalidades:

5.1. O acceso ó servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, consonte co establecido no Decreto 176/2007, do 6 de setembro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema na Comunidade Autónoma de Galicia, así como á Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se establecen os criterios para a elaboración do programa individual de atención, fixación das intensidades de protección dos servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

5.2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ó catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación do sistema, o acceso ó servizo, previa prescrición técnica favorable dos Servizos Sociais de atención primaria, resolverase en réxime de libre concorrència de acordo cos criterios establecidos neste regulamento municipal.

5.3. De igual maneira á expresada no apartado anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

5.4. Nos supostos recollidos nos apartados 2 e 3 deste artigo empregárase un baremo no que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que dificulten obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

Artigo 6º.- Requisitos

Para ter dereito ó servizo de asistencia no fogar será imprescindible cumprilos seguintes requisitos:

- Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de Ares.

- Non percibir axuda doutra institución ou entidade para a mesma finalidade.



-Non presentar un estado de deterioro físico ou psíquico tal, que precise doutro tipo de atención especializada ou internamento nun centro ou institución axeitado.

-No caso daqueles usuarios por libre concorrencia que cumprindo os requisitos esixidos nos apartados anteriores teñan familiares que se poidan encargar deles pero se negan a facelo, a valoración do Servizos Sociais do Concello de Ares será decisiva na súa concesión ou denegación, sen entrar a valoralas restantes condicións que deba cumprilo solicitante.

Capítulo III

Do procedemento para a prestación do servizo

Artigo 7º.- Solicitudes e documentación para achegar

O SAF será prestado polo Concello de ARES, ben de oficio ou a instancia de parte.

7.1. De oficio: o Concello de Ares iniciará de oficio o expediente de prestación do servizo nos casos de necesidade urxente do servizo, e sempre previa valoración positiva dos servizos sociais da administración, e en función da dispoñibilidade deste.

7.2. A instancia de parte: Será preciso presentar unha solicitude dirixida ó Alcalde no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/NIF, ou tarxeta de residencia do solicitante ou permiso de residencia e DNI/NIF ou pasaporte do seu país en vigor. E, de selo caso, do resto de compoñentes da unidade familiar. Estes documentos deben estar en vigor na data da presentación ou ben acompañar fotocopia do resgardo de renovación destes. Presentaranse obrigatoriamente os orixinais para a súa compulsas.
- Fotocopia do libro de familia (se é precisa).
- Fotocopia da tarxeta sanitaria do/a beneficiario/a.
- Certificado de empadramento e informe de convivencia.
- Informes médicos do/a beneficiario/a e familiares que precisen xustificalas súas limitacións.
- Certificado de minusvalía, e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de selo caso.
- Xustificantes de ingresos da unidade familiar.



- Fotocopia da declaración da renda e patrimonio ou certificado negativo da AEAT así como declaración responsable de ingresos.
- Certificados de pensión.
- Xustificantes de rendas de traballo (nóminas, certificados de empresa, etc..).
- Certificados do INEM ou servizo de colocación das prestacións que poidan percibir.
- Tarxeta de demanda de emprego.
- Certificación das entidades financeiras de xuros bancarios.
- Declaración responsable sobre a percepción de alugamentos ou outros ingresos complementarios.
- Recibos de pagamento do alugamento ou outros gastos fixos (hipotecas, etc..).
- Calquera outra documentación que os Servizos Sociais do Concello de Ares poidan estimar como necesario para a valoración do dereito, en cada caso en concreto.

Artigo 8º.- Procedemento

8.1. No acceso directo ó servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ó programa individualizado de atención terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ó servizo.

8.2. No acceso en libre concorrencia será de aplicación o seguinte: as solicitudes formalizaranse no impreso expedido polo Concello de Ares dirixido á Alcaldía, achegando a documentación sinalada no artigo anterior.

O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto todo o ano.

Unha vez formalizada a solicitude e presentada a documentación pertinente no rexistro de entrada os técnicos dos Servizos Sociais do Concello de Ares procederán á comprobación dos datos proporcionados e á avaliación das solicitudes (segundo os baremos establecidos nesta ordenanza) e emitíndose un informe coa proposta de resolución, que se enviará á Alcaldía para que dite a resolución correspondente: ben desestimando a solicitude ou ben concedendo a prestación do servizo , a dita resolución deberá ser notificada ó/á interesado/a.

- A prestación do servizo queda condicionada á aceptación por parte do/a beneficiario/a das disposicións deste regulamento.



8.3. Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse entre os Servizos Sociais de atención primaria do Concello de Ares e a persoa usuaria as condicións básicas da prestación.

8.4. No caso de extrema e urxente necesidade debidamente xustificada, mediante resolución motivada da Alcaldía ou do concelleiro/a delegado/a da corporación local responsable en materia de servizos sociais, poderase iniciar de oficio a prestación do servizo de maneira inmediata, a proposta dos servizos sociais de atención primaria, e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente. A desaparición desta situación excepcional de risco levará a extinción de carácter urxente do caso e pasará o proceso ordinario de resolución de petición.

8.5. Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, poderá colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais da entidade local titular do servizo.

8.6. No caso de tratarse de intervencións de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, será esixible que na intervención no fogar actúe persoal técnico en posesión, como mínimo, dalgunha das seguintes cualificacións: Diplomado en Educación Social.

8.7. Se un solicitante superase un ano na lista de espera, antes de proceder á súa alta como usuario do SAF, será preceptiva unha nova avaliación da situación.

8.8. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar un acordo-contrato, a modo de compromiso de respecto ás normas do servizo, as tarefas para desenvolver, horarios, días e contribución económica correspondente ou gratuidade se procede. O incumprimento deste acordo-contrato poderá ser causa de baixa do servizo.

8.9. Unha vez recoñecido o dereito á prestación e asinado o pertinente acordo-contrato, o prazo máximo para o inicio da prestación será de 5 días hábiles; no caso das altas con carácter urxente, o prazo será de 24 horas.

8.10. Para a renovación anual do SAF, o/a beneficiario/a deberá presentar actualizada a documentación recollida no artigo 8.2 desta ordenanza dentro do primeiro mes do ano.

Artigo 9º. Intensidade na prestación do servizo

9.1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención.

9.2. A intensidade do servizo de axuda no fogar para as persoas atendidas no marco do



sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co plan de cuidados, de maneira que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das actividades da vida diaria, ademais dos días laborais as fins de semana e festivos.

9.3 Nos restantes casos a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais de atención primaria.

9.4 O tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Capítulo IV Organización

Artigo 10º.- Persoal

O Servicio estará coordinado pola Traballadora Social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Ares.

1) Á traballadora social do Concello de Ares:

Desempeñará unha labor de carácter técnico (diagnóstico, seguimento, avaliación) en coordinación cos profesionais do equipo ou en colaboración cos outros servizos ou programas que pertencen a estes servizos sociais ou a outros de protección social. É o/a profesional encargado/a de recibir a demanda ou detectar a necesidade, fará o estudo de valoración da situación presentada, deseñará o proxecto de intervención axeitado a esta e será o/a responsable do seguimento e avaliación do proxecto.

Abrirase un expediente por cada persoa usuaria ou, se é o caso, por cada unidade de convivencia á que se presta o servizo, no que constará, cando menos:

Un Informe social

Un proxecto de intervención

Un acordo de servizo asinado entre o Concello e a persoa usuaria

A traballadora social garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo cunha periodicidade de dous meses. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo do servizo.



2) Auxiliares de axuda no fogar:

Son os/as profesionais que se encargarán da execución do servizo ou prestación. Realizarán tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto periódico e directas cos/as usuarios/as do servizo, a súa familia e o seu contorno. No caso de atender a persoas afectadas por déficits de autonomía, estarán en posesión da cualificación profesional específica para o exercicio das súas funcións, conforme co establecido no [Real decreto 295/2004](#), do 20 de febreiro, polo que se regula a cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas no domicilio, ou ben a establecida no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional servizos socioculturais e á comunidade que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, sendo un deles o de atención sociosanitaria a persoas no domicilio, sen prexuízo da posibilidade de acreditación da competencia profesional adquirida ben mediante experiencia laboral ou mediante aprendizaxes non formais, da maneira que regulamentariamente se estableza. As funcións concretas serán:

1- Asistenciais: atencións de carácter persoal e doméstico.

2- Orientacións en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.

3- Educativas: potenciando o protagonismo do/a usuario/a, non o substituíndo naquelas tarefas que poidan realizar por si mesmos e facilitándollelas canles de comunicación co seu contorno.

4- Colaborar coa traballadora social na coordinación e avaliación do servizo. As tarefas serán as necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente enumeradas, establecidas e supervisadas en cada caso polo profesional ou equipo responsable do servizo. Este persoal será formado previa e especificamente para o desenvolvemento das súas funcións e tarefas, establecendo un sistema de reunións periódicas de avaliación e formación nas que se lles vaian dando resposta a problemas concretos que presente o servizo.

3) Outros profesionais: coordinados pola traballadora social, tales como educador social, psicólogo, etc..

Artigo 11º.- Funcionamento

A prestación do SAF, será supervisada polo/a traballador/a social do Concello de Ares coa periodicidade que estime conveniente, facendo un seguimento individual de cada caso,



considerando a necesidade de mantelo, aumentalo ou suprimilo. Ó/Á dito/a técnico/a correspóndelle a coordinación e supervisión das auxiliares de axuda no fogar establecendo reunións de traballo nas que se revisará a evolución dos casos e as pautas para seguir polos/as traballadores/as coa finalidade de melloral a calidade do servizo.

- No caso dos/as usuarios/as recoñecidos como dependentes o servizo prestarase ó longo de todo o ano segundo o seu plan individual de atención.

- No caso dos/as usuarios/as que accedan ó servizo a través de libre concorrència teranse en conta as seguintes especificacións:

1) O servizo prestarase preferentemente de luns a sábados, en horario de mañá.

2) O tempo de atención individual asignarase segundo criterio profesional do técnico do servizo. Podendo ser modificado en función das variacións que se produzan nas circunstancias persoais ou familiares e na dispoñibilidade de medios do servizo.

3) No caso de que o servizo non conte con persoal suficiente para atender tódalas demandas susceptibles de recibilo, elaborárase unha lista de espera na que cada solicitude ocupará un lugar determinado pola puntuación obtida na valoración segundo o baremo de regulamento. No suposto de solicitudes con igual puntuación valorárase a data de presentación desta.

4) Incorporaranse á lista de espera as vacantes temporais que se produzan nos casos de suspensión provisional do servizo a algún/ha usuario/a, para a súa concesión provisional, polo tempo que dure a suspensión trala aceptación do posible beneficiario/a.

5) Cando por calquera circunstancia fose necesario realizar un cambio de horario na prestación do servizo ou unha substitución temporal do/a auxiliar de axuda no fogar, poderase efectuar así sen necesidade de mediación do/a beneficiario/a, chegando a comunicación previa ó/á dito/a beneficiario/a, seguindo en vigor o contrato asinado.

6) Se algún/ha usuario/a rexeita a auxiliar de axuda no fogar que se lle asigne, sen causa suficientemente xustificada, que será valorada polo técnico de servizos sociais do Concello de Ares, pasará á lista de espera ata que outra auxiliar o poida atender.

Capítulo V: Dos dereitos e deberes e protocolos de actuación

Artigo 12º.- Dereitos dos/as usuarios/as do SAF

- A acceder ó servizo e recibir asistencia sen discriminación por razón de sexo, raza, relixión, ideoloxía ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.



- Á consideración no trato debido, á dignidade da persoa, por parte do persoal do servizo.
- Ser informados de todos aqueles aspectos que lles interesen en relación á tramitación, concesión e, se é o caso denegación, prestación e incidencias do servizo, así como calquera outro aspecto relacionado con este, que poida ser do seu interese.
- A unha asistencia individualizada acorde coas súas necesidades específicas.
- Á correcta e dilixente prestación do servizo, conforme á concesión deste e ós contidos deste regulamento.
- Ó respecto á intimidade e á absoluta confidencialidade de cantos aspectos da súa vida persoal, familiar, económica ou social poidan ser coñecidos como consecuencia da tramitación ou prestación do servizo.
- A deixar de utilizalo servizo por vontade propia.
- En caso de conflito de calquera índole, facela reclamación correspondente co fin de atopar solución.

Artigo 13º.- Deberes dos/as usuarios do SAF

Os beneficiarios do SAF quedan na obriga de comunicalas modificacións que se poidan producir en relación co dereito que teña de recibir esta prestación, así como calquera cambio de domicilio, teléfono ou outro dato da súa situación económica ou familiar de interese en relación coa axuda recibida dentro dos 15 días naturais seguintes ó dito cambio.

- Non poderán realizar cambios de horario, tarefas, etc., sen a autorización do técnico responsable do servizo.
- O trato cara ó persoal do servizo de axuda no fogar debe ser de respecto e consideración facilitando tamén a colaboración necesaria para a execución das tarefas asignadas en cada caso.
- O/A usuario/a comprométese ademais a que se realice o seguimento e control do desenvolvemento do servizo polo equipo técnico dos Servizos Sociais do Concello de Ares.
- O/A usuario/a correrá cos gastos de material de limpeza, aseo, alimentación. Só nos casos especiais, detectados polo técnico responsable do servizo, valorarase a posibilidade dunha axuda económica para este concepto.



- Non fará preguntas ó persoal do SAF sobre datos persoais nin realizará comentarios con terceiros sobre aspectos que coñezan da súa vida privada.

 - Os contactos coa auxiliar de axuda no fogar, referidos ó propio servizo, fóra do horario laboral deben realizarse sempre a través do responsable do servizo.

 - Se rexeita á auxiliar que se lle asigne, sen razón suficientemente xustificada, pasará á lista de espera, ata que outra auxiliar poida atendelo, sempre que sexa tecnicamente posible.

 - O/A usuario/a debe permanecer no domicilio mentres se lle presta o servizo, a menos que autorice por escrito e baixo a súa responsabilidade a permanencia da auxiliar no seu domicilio e sempre que esta estea de acordo.

 - Satisfacela cota que corresponda como achega económica do/a beneficiario/a, cando sexa esixible.

 - Comunicalas ausencias do seu domicilio con polo menos 3 días de antelación, salvo se esta se producise por causa imprevisible, que se deberá comunicar no momento do seu coñecemento.

 - Respetalas normas e condicións establecidas no momento da concesión do servizo.
- O incumprimento dalgún destes deberes por parte dos/as usuarios/as poderá implicala extinción da prestación.

Artigo 14º.- Deberes xerais do persoal do servizo

- O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co/a usuario/a e coa súa familia interfira no traballo.

- Respectala intimidade do/a usuario/a e gardala debida confidencialidade.

Artigo 15º.- Deberes do/a auxiliar de axuda no fogar

- O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co/a usuario/a e a súa familia interfira no traballo.

- Respetará a intimidade do/a usuario/a e gardará a debida confidencialidade.

- A auxiliar non debe facer partícipes ós/ás usuarios/as e á familia deste dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada do seu traballo.



- A auxiliar non debe facer traballos a outros membros familiares distintos dos/as beneficiarios/as, aínda que convivan na mesma casa. Se se trata de persoas maiores ou incapacitadas, estudarase o caso desde o departamento do Servizos Sociais do Concello de Ares.
- Non se poderá acudir ó lugar de traballo acompañados de persoas alleas ó servizo.
- Non se poderá recibir en custodia cartos, xoias nin obxectos.
- Non se permite recibir ningún tipo de prestación/bonificación por parte do/a usuario/a ó auxiliar de axuda no fogar (cartos, regalos, etc..).
- Non se disporá das chaves de ningún domicilio, salvo autorización por escrito do/a usuario/a.
- En caso de ausencia ó traballo deberá comunicalo coa maior antelación posible, trala autorización do xefe de persoal ó Concelleira de Servizos Sociais.

Artigo 16º.- Protocolos de actuación:

1.- Para o inicio da prestación:

Identificación das persoas que deberán estar no domicilio da persoa usuaria no momento da visita do técnico responsable

Visita da Traballadora Social ao domicilio da persoa usuaria, estudo e valoración do caso

Elaboración do proxecto de intervención, que deberá conter a detección das necesidades, obxectivos que se pretenden acadar coa prestación do servizo, tarefas concertadas a realizar pola auxiliar a domicilio ou outros profesionais, horario da prestación do servizo

Presentación ao usuario ou aos familiares no domicilio da auxiliar de axuda no fogar e das tarefas a realizar

2.- No caso de incidencias:

Visita da Traballadora Social ao domicilio do usuario

Estudio e valoración do caso

Elaboración do informe coas medidas adoptadas para a solución da incidencia

3.- En caso de queixa no libro de reclamacións

Facilitar unha copia da queixa ao usuario

Remitir orixinal ao servizo de inspección nas áreas de servizos comunitarios e inclusión social.



Capítulo VI

Modificación da concesión ou suspensión provisional e extinción do servizo

Artigo 17º.- Causas de modificación e extinción do servizo :

A alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente.

Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar as seguintes:

- A renuncia do/a beneficiario/a.

- O cambio de programa individual de atención ou de proxecto de intervención que implique o cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

- Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.

- Falecemento da persoa usuaria.

- Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.

- A falta de pagamento do servizo.

- Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.

- A falsificación dos datos ou documentación, no caso de tratarse de datos económicos poderá levar consigo o reintegro do 100% do custo do servizo dende a data de alta.

- O ingreso con carácter definitivo en centro residencial.

- Por reorganización do servizo en función das dispoñibilidades económicas.

Artigo 18º.- Causas de suspensión temporal do servizo



Son causa de suspensión temporal do servizo, previo informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ó expediente persoal, as que seguen:

- Ausencia temporal do domicilio. Neste caso o servizo poderá suspenderse por un máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
- Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo. Poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía a atención á dependencia, suposto no que se estará ó disposto na normativa reguladora.

Capítulo VII

Determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo e Participación no financiamento do servizo.

Artigo 19º.- Capacidade económica

19.1. Para os efectos deste artigo considérase persoa usuaria aquela para a que se solicite o servizo. No caso de intervención con familias, entenderase como persoa usuaria a un dos membros adultos da unidade de convivencia responsables dos menores que formen parte dela.

19.2. A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ó seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, as persoas conviventes economicamente dependentes, de acordo co establecido nos parágrafos seguintes.

19.3. A renda valorarase atendendo ós ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.

19.4. Para o cómputo do patrimonio ateranse ó disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a persoa usuaria do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, so se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade do beneficiario.



No caso de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

19.5. A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes conviventes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.

19.6. A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 ós 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.

19.7. Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes á última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

Capítulo VIII

ARTIGO 20º.- Participación no financiamento do servizo das persoas usuarias

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior a o Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custe do servizo. I

2.- Para o resto dos supostos :

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 100% e o 150% do IPREM asumirán un 10% do custe do servizo.

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 150% e o 200% do IPREM asumirán un 12% do custe do servizo.

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 200% e o 250% do IPREM asumirán un 15% do custe do servizo



As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 250% e o 300% do IPREM asumirán un 20% do custe do servizo

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 300% e o 350% do IPREM asumirán un 28% do custe do servizo

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 350% e o 400% do IPREM asumirán un 37% do custe do servizo

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 400% e o 450% do IPREM asumirán un 45% do custe do servizo

As persoas usuarias cunha capacidade económica entre o 450% e o 500% do IPREM asumirán un 60% do custe do servizo

As persoas usuarias cunha capacidade económica superior ó 500% do IPREM asumirán un 65% do custe do servizo.

Disposicións derradeiras

- 1.- O non contido neste Regulamento aplicarase segundo a lexislación correspondente
- 2.- A interpretación deste Regulamento é competencia dos Organos de Goberno do Concello de Ares.
- 2.- Este Regulamento entrará en vigor unha vez que sexa publicado a seu texto integro no Boletín Oficial da Coruña, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Ver anexos

CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ORGANOS DE GOBERNO.

Punto núm. 5.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos de previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.



Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que non se pasan as Resolucións de contraído de pago, e que levan 6 ou 7 meses sen convocarse a Comisión de Facenda, que hai facturas para dar conta nela, como son as dos contratos de mantemento por exemplo, e levamos todo o ano 2009 sen pasar a Pleno ningúnha resolución de pago.

O Sr. Alcalde, manifesta que teremos en conta esta petición, pero dicir que están moi saturados de traballo nos servicios de Intervención.

Punto núm. 6.- MOCIONS E PROPOSTAS.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, dase conta da presentación como Moición a proposta de Iniciativa Popular de Fomento do Sector Naval de Galiza que seguidamente se transcribe:

a) INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR DE FOMENTO DO SECTOR NAVAL DE GALIZA.

Dase conta do escrito presentado pola Inicitiva Legislativa Popular de Fomento do Sector Naval de Galiza que seguidamente se transcribe:

Á MESA DO PARLAMENTO DE CALIZA

Manoel DOPICO RODRÍGUEZ, con DNI 32576255-K, Ramón Manuel YÁÑEZ BRAGE, con DNI 32586218-W, Jesús Esteban VÁRELA RIVAS, con DNI 32598286-H, José Juan MANEIRO MUNIZ, con DNI 35409043-Z, José Ramón FRANCO CAAVEIRO, con DNI 32620675, Xoaquín Bieito MARÍN FORMOSO, con DNI, 32.557.299V, Remedios FERNÁNDEZ ROMERO, con DNI 76403413-N, Edgar Antonio VIGO LÓPEZ, con DNI 32691265-P, Jesús BELLO REY, con DNI 32.463.247-N, Pedro Leonardo SECO FERREIRA, con DNI 32696498-C; José María FONTAO PITA, con DNI 32504317-R, e Manuel LÓPEZ FOJO, con DNI 76402954-J; todos eles maiores de idade, con condición política de galegos e inscritos no censo electoral, con domicilio a efectos de notificacións na Estrada da Palma, nº 210, Manifios, 15520 FÉNE; comparecen perante a Mesa do Parlamento de Galiza en calidade de Comisión Promotora da presente iniciativa e **EXPONEN:**

Que consoante ao disposto no artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, formulan escrito de promoción de **INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR**, co seguinte coñudo:

I. De conformidade co disposto na letra b) do artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, as razóns que aconsellan a tramitación e aprobación polo Parlamento de Galiza da presente proposición de leí céntrase na necesidade de dar protección e impulso ao sector naval galego a través dun marco legal que so pode concretarse en forma de Lei do Parlamento de Galiza.



Tal e como se detalla na exposición de motivos que segué, mediante esta iniciativa legislativa popular preténdese que o sector naval galego, que é un sector produtivo estratéxico para a economía do noso país, poida desenvolver todas as súas potencialidades e obter da Xunta de Galiza o máximo respaldo e impulso que o actual marco estatutario permite, ao abeiro do artigo 55 do Estatuto de Autonomía e de conformidade coa normativa estatal e comunitaria de aplicación.

II. De acordó coa letra a) do artigo 4 da Lei 1/1988, do 19 de xaneiro, exponse a seguir o texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de motivos:

PROPOSICIÓN DE LEÍ, POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR, DE FOMENTO DO SECTOR NAVAL DE GALIZA

Exposición de motivos

O Sector Marítimo está constituído polas compañías navieras que prestan servizos de transporte marítimo, polos armadores de pesca e as súas industrias de procesamento e manipulación de peixe, pola industria de consunción, transformación e reparación naval de barcos e unidades "off shore", polos equipos e servizos portuarios, pola industria de construción de embarcacións deportivas, de lecer e de competición, e pola industria auxiliar dedicada á fabricación de bens de equipo, componentes, conxuntos e servizos demandados polas compañías navieras, armadores de pesca, estaleiros, portos, cultivos e explotacións pesqueiras e empresas de acuicultura. É un sector fundamental, que ten determinado historicamente a evolución da economía galega. Ten sido a orixe dos focos máis importantes da súa actividade industrial, e segué a ser determinante para o mantemento das poboacións costeiras, e o desenvolvemento das áreas urbanas máis importantes e desenroladas do país. Dentro do sector marítimo galego a construción e reparación naval xogan un rol fundamental, polo que existe un grande consenso no país sobre a súa cualificación como sector estratéxico.

A reconversión, entendida como puro recorte da capacidade de produción, foi especialmente dura, arbitraria e inxusta coa construción naval galega, nomeadamente con Astano. De nada serviron a resistencia dos traballadores nin as argumentacións emitidas dende os sindicatos e dende a propia Xunta de Galiza. Uns e outros expuxeron ao goberno central que Astano non debería ser a vítima propiciatoria do axuste; que se ben a Unión Europea (UE) obrigaba a reducir capacidade, non apuntaba a ningún asteleiro en particular, que entre os grandes asteleiros españois era o que tina unha maior experiencia exportadora, o que tina construído e botado os meirandes barcos do mundo desde grada, o que ofrecía un mellor balance produtivo nos anos anteriores ao axuste. Que era o único asteleiro español que tina construído un buque de transporte de gases licuados, o primeiro en operar con éxito na tecnoloxía *off-shore* e o que tina reducido máis o seu cadro de persoal entre 1975 e 1984.



O asteleiro de Perlío (Fene) foi sometido a un durísimo plan de axuste que comezou por diluir primeiro, e facer desaparecer despois progresivamente, a súa persoalidade empresarial dentro do conglomerado da División de Construción Naval do INI (antigos Asteleiros Espafiois), no que os seus principais competidores (La Naval de Sestao e Astilleros de Puerto Real) copaban os postos directivos, do que se aproveitaron para facer de Astano a *vitima propiciatoria* da Construción Naval española.

Astano sufríu un fortísimo axuste laboral, pasando desde os 6.500 traballadores en sucesivas fases a so uns 1.000 a primeiros da década dos noventa, e por outra banda, foi inhabilitado para a consunción naval tradicional. A súa oferta debería limitarse so a produción de artefactos *off-shore*. Un mercado moi esixente dende un punto de vista consuntivo, dominado polos demandantes que fixan elevados estándares de calidade derivadas das especiais e esixentes condicións de traballo do mercado *off-shore*. Un mercado, en fin, no que é moi difícil operar en beneficios para os novos ofertantes e que esixe un forte peaxe de entrada, que Astano tivo que pagar en forma de importantes perdas ao longo de toda a década dos anos noventa.

Cando Astano tifa ganado un recoñecemento pola calidade dos seus produtos e se atopaba ben posicionado dende un punto de vista tecnolóxico no sector *off shore*, téndose convertido nun referente a nivel mundial, xa integrado en IZAR e no proceso de transformación de IZAR en NAVANTIA (2004), foi obxecto dun novo axuste que lie impedíu desta volta operar na construción naval civil.

A cúpula directiva de NAVANTIA argumenta que a volta de Astano a construción naval civil poría en perigo a súa continuidade, por mor do incumprimento duns acordos asmados entre a empresa, os sindicatos CCOO e UGT e a Unión Europea (UE) en 2004, que impedirían que Astano construíra calquera caste de buques civís ata o ano 2015, en condonación polos 1.200 millóns de euros que a UE esixía á Sociedade Española de Participacións Industriais (SEPI) polas axudas públicas ilegais á construción NAVAL dedicadas por IZAR a compensar as perdas de todas as factorías integradas na SEPI entre 1999 e 2004.

Este *curioso acordó* faría recaer sobre o asteleiro de Fene, na práctica inactivo nese período, todas as culpas da deficiente xestión do conxunto da construción naval pública

española, converténdoo outra volta na vítima propiciatoria dunhas perdas das que non puido ser o principal causante porque, como vimos de dicir, con un cadro de persoal de apenas 1000 persoas estivo practicamente inactivo entre 1999 e 2004.

Afortunadamente a situación traía reconversión dos asteleiros de Vigo é moi diferente. A situación produtiva da construción naval viguesa é boa en xeral, como reflicten os récorde históricos de contratación e emprego a finais de 2008. Porén, é preciso por de manifestó que a súa situación patrimonial non é aínda sólida.



Na maior parte dos casos os seus balances reflicten unha xa crónica falla de recursos propios e un fondo de manobra moi mermado, que lies obriga a seguiren integrados na *Sociedad de Pequeños y Medianos Astilleros en Reversión (PYAÍAR)*. A incidencia da actual crise financeira está a impedir o acceso á fontes de financiamento a curto prazo que pode por mesmo en perigo a continuidade produtiva de moitas empresas auxiliares e mesmo dalgún asteleiro. Aínda que a axenda de pedimentos segué a ser importante, de persistir as actuáis restricións de crédito, segundo ten manifestado ACLUNAGA, poderían impedir que se concretara o asinamento de novos contratos.

É preciso salientar que unha estrutura sostíbel para a construción naval so pode acadarse coa presenza dunhas empresas auxiliares fortes e ben financiadas. O axuste á competencia dos mercados globais fai imprescindible a colaboración entre asteleiros centrados nías actividades técnicas de planificación e control e empresas auxiliares máis pequenas e flexibles interrelacionadas entre elas e eos asteleiros principais, mesmo dende as fases máis temperas de desefio de novos produtos. O obxectivo ha ser conseguir unha estrutura en rede de carácter colaborativo entre asteleiro e empresas auxiliares dedicadas a actividades diferenciadas nos distintos ámbitos produtivos. A eficiencia da cada parte e unha maior flexibilidade da rede, permitirán acadar a eficiencia global. Este proceso de desintegración-integración hase acometer co principio fundamental, que debe rezar para todos os axentes, de que a construción naval, se quer sobrevivir, ten que actuar segundo as regras dun xogo cooperativo no que a industria debe ganar para que cada empresa gañe. Non é posíbel acadar ese obxectivo con empresas auxiliares con escasos recursos propios, as que os seus asteleiros-clientes lies están a pagar en prazos cada vez máis demorados se ademáis se lies pecha a billa do crédito por parte das entidades fínanceiras. O futuro da nosa construción naval esixe unha decidida aposta de apoio dende a Xunta e as entidades fínanceiras galegas. Asemade, esixe unha especial implicación da patronal e dos sindicatos na procura da excelencia para garantir un sector sólido e con expectativas de continuidade no longo prazo.

Non ten sentido, atopándonos mergullados nunha fonda crise global como a que estamos a vivir, seguir a manter o asteleiro de Fene como un simple taller auxiliar de NAVANTIA, infrutilizando as súas instalacións consuntivas, sen dúbida unhas das mellores de Europa, mentres a construción naval está a amosar unha fortaleza moito maior que outras actividades industriáis as que se ten decido apoiar orzamentariamente dende o goberno central e dende a Xunta.

Non ten sentido ignorar a complementariedade que ofrecen as instalacións de Fene ao conxunto da construción naval galega, incluídos os asteleiros de Vigo, para permitírenlle optar á realización de ofertas de construción de unidades as que na actualidade non poden acceder.

Non ten sentido desprezar as posibilidades de fabricación do asteleiro de Fene para a construción e ensambladura de grandes infraestruturas dedicadas a outro tipo de actividades como equipamento de portos, grúas, equipos para refinerías, construcións



especiáis, etc.; ou as tecnoloxías de aproveitamento de enerxías como a marifia (ondas, correntes marinas, mareas etc.) que han dar lugar á necesidade de construír artefactos flotantes de certa envergadura que terán de ser fabricados ou ensamblados en infraestruturas produtivas con saída ao mar; ou a eólica para cubrir as necesidades dos novos parques a desenvolver mesmo en alta mar con infraestruturas de soporte off shore.

Non ten sentido que para xerar novas rendas e manter o consumo e a demanda agregada se estean a apoiar orzamentariamente planos de incentivación do gasto público por medio de programas de creación de empregos en áreas como coidado do patrimonio e a limpeza das estradas, non creadoras de riqueza nin de empregos estables, e siga a negárselle á antiga ASTANO a posibilidade de fabricación de barcos civís cando conta con instalacións tan acaídas para a consunción de artefactos *off shore*, *LNG*, quimiqueiros, petroleiros de produtos ou grandes portacontedores, segmentos de negocio que están a manter a construción naval europea a resguardo da competencia asiática.

Non ten sentido ignorar a capacidade de xeración de emprego da construción naval nestes intres de crise xeneralizada do emprego cando, segundo os datos de AWES, aínda un grande recorrido se comparamos os datos de emprego da construción naval española eos de outros países europeo: España (8000) fronte aos 20.000 de Alemana, 17.000 de Francia, 17.000 de Polonia, 14.000 de Holanda, 12.000 de Italia, 10.000 de Romanía, 9.000 de Croacia, 8.000 de Reino Unido

Non ten sentido seguir a manter unha política tibia e de falta de apoios claros dende a administración a un sector que está a consolidarse como un sector fundamental na actividade industrial de países europeos como amosa o reparto da carga de traballo en Europa por medio das axendas de pedimentos da AWES a 31/12/2007: Alemana (27%), Italia 18%, Noruega (16%) Holanda 11%, Francia (6%), España (6%)....

Aínda que o mundo está a vivir unha fonda recesión con taxas de crecemento próximas a cero, o transporte marítimo mantén aínda taxas de crecemento significativas. Os grandes intercambios comerciais entre Europa, USA, Iberoamérica, Oriente Medio, India e Extremo Oriente están a realizarse cada vez máis por medio do transporte marítimo. O consenso é cada vez maior en todo o mundo sobre as vantaxes en termos de custo e impacto medio ambiental, e reforzará esta tendencia, facendo aumentar significativamente os fretes marítimos e a demanda de buques. Non so o comercio ultramarino, senón tamén os intercambios intra-europeos faranse cada vez en maior medida combinando transporte marítimo e ferroviario en



detrimento dos transportes terrestre e aéreo, moito máis caros e prexudiciais en termos medioambientais. Os ministros de transporte da UE son conscientes desta situación e léñense comprometido a remediala, dándolle máis pulo ao transporte marítimo a cortas distancias <.short sea shipping >, combinándoo co transporte ferroviario, polo que é lóxico agardar que a demanda de buques civís para o tráfico intra-europeo aumente nos anos vindeiros.

O crecemento de todos estes tráfico, moitos deles a través do corredor de Finisterre. converterá á euro-rexión Galiza- Norte de Portugal (dende Leixoes a San Cibrao) nunha plataforma sobre o Atlántico, nun eixo central do tráfico ultramarino e intra-europeo, polo que a dotación de infraestruturas portuarias á altura dos tempos na ría de Vigo e no golfo Artabro integradas eos seus *hinterlands* por boas estradas, caminos de ferro e polígonos industriais conformarán o futuro desenvolvemento de Galiza. Non ten sentido pensar nun

país así, inzado de portos comerciais, pesqueiros, deportivos, instalacións de acuicultura, conserveiras, transportes terrestres e ferroviarios, industrias auxiliares especializadas, etc., que non dé pulo a un sector da construción naval para construír e reparar os buques que pasan ou recalán nos nosos portos. Se a actividade marítima, e a construción naval en particular, ha ser un vector estruturante do futuro desenvolvemento da euro-rexión Galiza Norte de Portugal, non pode estar a negárselle ao asteleiro de Fene a posibilidade de construír barcos civís e todos os demais elementos que o noso sector marítimo precisa.

Non ten sentido que aproveitando as instalacións do asteleiro de Fene, axeitadamente combinadas para obras singulares eos diques de Navantia, non se articule un grande centro de reparacións na Ría de Ferrol, potenciando aínda máis a importante capacidade presente.

En Ferrol funcionan xa dende 1968 a Escola Universitaria Politécnica e dende 1991 a Escola Politécnica Superior da Universidade da Coruña. En ámbalas dúas escolas a ensinanza da construción naval formou sempre parte dos seus planos de estudo, e os enxeñeiros saídos das súas aulas son na actualidade técnicos e directivos cualificados de moitos asteleiros, nomeadamente dos galegos. A presenza destas escolas permitiu dar continuidade á existencia de técnicos cualificados, amortecendo en grande medida o desastroso impacto que sobre o capital humano tivo a reconversión. Os Departamentos de Enxeñaría Naval e Enxeñaría Industrial da Universidade da Coruña contan con grupos de investigación nos que se apoian cada vez máis as iniciativas de I+D+i das empresas galegas do naval. Dende a propia administración galega está a impulsarse a creación dun Centro Tecnolóxico do Sector Naval, que actuará como centro neurálxico para o cambio tecnolóxico e a adaptación organizativa e operativa do sector .

Non ten sentido, con todos estes recursos á nosa disposición e coa esperanza dun futuro tan prometedor, non dar á construción naval galega todo o



apoio administrativo e financeiro. Chegou xa o tempo de curar a ferida que supón para o tecido industrial de Ferrolterra a amputación que supuxo a práctica desaparición de ASTANO.

En coherencia coa exposición anterior, a Xunta de Galiza debe asumir as competencias que lle permite o actual marco estatutario galego para exercer a defensa e o impulso do sector naval galego no seu conxunto, porque é un sector produtivo estratéxico para a economía do noso país; e debe desenvolver, así mesmo, as accións precisas para reactivar o estaleiro de Fene, máis aínda nun momento de grave crise económica e de forte incremento do paro.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galiza aproba o seguinte texto articulado de proposición de lei:

Artigo 1.

O sector naval de Galiza, entendendo por tal o conxunto de empresas que teñen por obxecto a construción, reparación, reciclaxe e transformación de buques e outros artefactos flutuantes e as súas actividades auxiliares, constitúe, nos termos establecidos pola presente Lei, un sector produtivo estratéxico para a economía de Galiza.

Artigo 2.

A Xunta de Galiza, no ámbito das súas competencias e de conformidade coa normativa estatal e comunitaria de aplicación, establecerán programas específicos de fomento do sector naval nos ámbitos que a seguir se relacionan:

- A investigación, o desenvolvemento e a innovación.
- A formación profesional.
- O ordenamento urbanístico, en especial o dos espazos portuarios.
- As axudas á construción, transformación, reciclaxe e reparacións navais.
- As axudas á exportación e internacionalizado!!.

Artigo 3.

Alen das que especificamente se establecieren nos diferentes programas de axudas da administración autonómica, a Xunta xestionará en Galiza, previa



territorialización das mesmas, as axudas estatais e europeas ao sector naval no marco das súas competencias.

Artigo 4.

De conformidade co establecido no artigo 55 do Estatuto de Autonomía, a Xunta de Galiza:

- 1. Negociará co Estado a súa participación directa na xestión das empresas públicas estatais integradas no sector naval de Galiza e que, pola súa natureza, non podan ser obxecto de traspaso.**
- 2. Negociará co Estado o traspaso dos activos dos que as empresas estatais integradas no sector naval de Galiza sexan titulares e que non estean sendo aproveitados para a construción, reparación, reciclaxe ou transformación de buques ou outros artefactos flutuantes.**

Artigo 5.

No proceso de definición das medidas de aplicación e no impulso dos proxectos de desenvolvemento desta Leí, a Xunta de Galiza oirá ao tecido asociativo e, en todo caso, aos sindicatos máis representativos, ao clúster do naval e á plataforma tecnolóxica do naval.

Disposición Final 1ª.

De conformidade co establecido no artigo 4, a Xunta de Galiza desenvolverá as actuacións precisas para lograr a volta das instalacións do estaleiro de Navantia no Concello de Fene á construción, reparación, reciclaxe ou transformación naval civil.

Disposición Final 2*.

Esta Leí entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no Diario Oficial de Galiza.

Polo exposto, os membros, da Comisión Promotora



SOLICITAN Á MESA DO PARLAMENTO DE GALIZA: Que teña por formulado o presente escrito de promoción de iniciativa legislativa popular, acordando a súa admisión a trámite para, unha vez cumpridos os trámites legais, incluída a recolla e presentación de, como mínimo quince mil sinaturas debidamente autenticadas de cidadáns, publique, a presente proposición de lei conforme ao artigo 123 do regulamento da Cámara para a súa toma en consideración no Pleno e subseguinte tramitación parlamentaria.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2008.”

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que o que aquí ven e a documentación e o que esta a facer esta Plataforma, o que nos podemos facer aquí e toma de coñecemento deste, esto o presentaron no Parlamento de Galicia, e teñen que darlle adiante no Parlamento, e n os aquí entendo que o que temos que facer é unha toma de coñecemento e apoio.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do BNG, Sr. Rodríguez Doval: Antes de nada quería manifestar o que fixemos o conxunto dos Grupos Políticos, pero pola parte que nos corresponde, ratificalo aquí neste Pleno, en todo caso eu quero matizar o que nos entendemos que debe facer este Pleno que é, apoiar, manifestar o seu apoio á Iniciativa, que é unha Iniciativa que vai a ter un percorrido que fundamentalmente vai ser na tramitación como Iniciativa Lexislativa Popular no Parlamento Galego, e despois, vai a ter outro percorrido que é máis importante que é a recollida de sinaturas, nos pensamos que o que debería quedar hoxe constancia é o apoio á iniciativa como tal e o seu contido, e polo tanto son os puntos que están recollidos hai, e a colaboración, que poidamos prestar, que quedou efectiva nesa reunión, na difusión da propia proposta, e nomeadamente de algo que se falou aquí que no momento que se empezara a campaña de recollida de firmas o Concello colaborase chamando as Entidades sociais no seu conxunto, e incluso facilitando un local para que os promotores da iniciativa poidesen expoñela e tamén, pensamos nos que os pregos de sinaturas poideran estar nas espazos municipais, en todo caso, queremos dicir, que a iniciativa hai que apoiala por tres razóns fundamentais, aquí xa temos debatido da situación do sector naval, e de tantos quizais demasidos anos que levamos agardando que se lle de unha solución a todo isto, pensamos nos que o que ten de virtual e o que ten de positivo a iniciativa son tres cualidades, que está baseada en posibilidades a respecto da súa viabilidade, na necesidade de retomar este tema, fundamentalmente no tema da oportunidade, posibilidade como quedou claro eu fun testigo o outro día dunha das primeiras charlas nas xornadas que esta promovendo rumbo 21, que foi a charla dun abogado experto neste temas, que clarificou que neste momento sería totalmente posible a renegociación do acordo entre o Goberno Español e a Comisión Europea, e polo tanto cabería a posibilidade de que ASTANO volverá a facer construción naval civil, previa negociación. A necesidade porque nos pensamos que temos



neste momentos uns Asteleiros con grande valor, cunha grande capacidade, pero que están sometidos a un veto, a unha imposibilidade de construír, pero sobre todo temos unha comarca cun índice moi elevado de paro, e pensamos nos que nos momentos en que todos os gobernos do mundo, están reconsiderando en traspasar a fase da economía especulativa que se deu, que parece que o diñeiro se movía sen ton ne son, pasar a unha fase onde a economía produtiva teña un valor fundamental, sería suicida e imperdonable desde o punto de vista histórico, que tendo nos a capacidade de poñer en valor e en funcionamento uns Asteleiros que poden darlle traballo a moitísima xente, pois efectivamente non o fixeramos, polo tanto o tema da necesidade esta a cousa clara, e polo tema da oportunidade, todo o mundo sabe que neste momento, todos os gobernos da Unión Europea, a propia Unión Europea, ten deseñado unhas redes de transporte que están baseadas fundamentalmente no transporte marítimo e no transporte por ferrocarril, polo tanto non é menos certo que o mar ten futuro e que polo tanto se van a seguir a construír barcos, nese sentido e unindo as tres ideas fundamentais as que me acabo de referir, pensamos nos que esta iniciativa parte ademais de sectores do máis amplo, e creo que nas tres reflexións que eu fixen se puxeron a camiñar, para tramitar esta proposta diante do Goberno Galego, e quedará a parte máis importante como dixen antes, que será esa recollida de sinaturas, que esta como se sabe aquí limitada no número de quince mil, pero que nos pensamos que habería que conseguir chegar a un número superior., e que dalgunha forma condicione a que a Xunta de Galicia, reclame do Goberno Central que se de unha negociación coa Unión Europea, na liña na que dixemos, nos acotaríamos o acordó que se vai a tomar ó apoio a iniciativa e a colaboración que se lle poida dar desde o Concello.

O Sr. Luis Cendan Fernández, manifesta que o seu voto vai a ser favorable a esta iniciativa, dicir que o outro día un membro da Comisión Promotora nos explicou pormenorizadamente no que consistía este tipo de iniciativa, e dicir que tamén a proposta ven de iniciativa ven aquí articulada, e dicir que polo tanto o noso voto vai a ser favorable.

Acto seguido sometese a votación o asunto e o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

O Sr. Alcalde manifesta que redactaremos unha comunicación á Comisión Promotora, e a prensa de que respaldamos esta iniciativa popular, e que cando inicie a campaña de recollida de sinaturas os localís municipais serán un punto de recollida de ditas sinaturas.

Acto seguinte e antes de entrar no turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde preguntase os voceiros dos grupos se teñen algunha Moción para presentar ó Pleno pola vía de Urxencia, non presentábase ningúna.



Punto núm. 7.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Interven o Sr. Rodríguez Doval, pregunta que xa que temos os orzamentos aprobados se hai algunha previsión ou se deu algunha negociación para a compra dos terreos do Colexio, se existe algunha novidade sobre ese tema.

Resposta o Sr. Alcalde, que en principio o que o único que temos é unha negativa rotunda, de que non venden. Entonces estamos estudando co Secretario a posibilidade que pasa por unha declaración de urxencia, da ocupación, que pasa pola expropiación. Cando existen motivos de urxencia en materia administrativa te permiten iniciar a obra, ese é o tipo de expediente que se utiliza en Autopistas, e creo que aquí o expediente vai a ter que ser dese tipo.

Toma a palabra o Sr. Secretario para manifestar que o sistema sería unha ocupación directa.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, e di que as cousas se fan que se fagan ben, que estamos diante dunha persoa que esta preparada, e que non nos meta nun Contencioso de anos. A tramitación que se faga ben que por un fleco non quede hai por un lote de anos.

O Sr. Manuel Cendán Fernández, di que agora que se van a contratar tres auxiliares da Policía Local, e vamos a ter unha plantilla de 6 policías, que se controlen os "rallyes" dos coches e motos, darlle orde a policía local para que metan man neste tema.

A outra se trata do tema da escultura de Hermelinda, que nos parece un pouco insolito, e temos dúas preguntas, se se fixo porque esta señora se dedicou a mendicidade, ou se fixo para adicalo á muller traballadora. Se é a primeira aquí nos lembramos todos de Hermelinda, esta señora se dedicou á mendicidade, viviu pobre toda a vida, pero na sua morte, esta señora deixou millóns e unha casa, exemplo a seguir diñeiro que se repartiron dúas familias, parte deste diñeiro foi para Xosé Luis o médico, e para a familia de Santaren, e se é por homenaxear a mendicidad da porta da Igrexa non esta ben. E sé e por a muller traballadora, todos sabemos que por hai mulleres que todos coñecemos e algunha viva, que tiveron que sacar adiante catro ou cinco fillos, e como todos sabemos e o hai noutros portos podese homenaxear ó traballo da muller que se adicaba a salazón na tempada da pesca e logo traballaban as terras, homenaxear dun xeito xeral e non particular. Non estamos de acordó en poñer esa estatua hai, había que poñer un cruceiro que se tirou que levaba máis de setenta anos. Con respecto as obras da Plaza, di que quedaron ben, pero habería que buscarlle unha solución porque se ve moi fría.



Resposta o Sr. Alcalde manifestando que polo que se refire os tres auxiliares da Policia Local, xa os tivemos o ano pasado, e o outro máis desde que tomamos posesión, sabemos que o número de efectivos é insuficiente, sabemos que aínda con tres máis é imposible prestar servizo polas noites. Temos un funcionario e dos auxiliares que están inmersos nun concurso-oposición para acceder a posto de funcionario, no caso de que aproben teremos tres funcionarios e o número de auxiliares vai en función do número de funcionarios polo que a partir de agora vamos a poder contratar máis auxiliares.

Con referencia o tema de Hermelinda, dicir que eu non o comparto, non sei porque se fai polémica dunha actuación que non fai máis que rendir recordo a personaxes populares. Hermelinda era unha Aresana, efectivamente a primeira referencia que eu tiven de Hermelinda foi por un libro que publicaches ti, este de memoria grafica de Ares, este libro o presentas ti como Alcalde, ten un prólogo, e o pe de foto eu non o puxen "Anos 50 Hermelinda a repartidora de periódicos máis entrañable e popular de Ares durante máis de 20 anos", efectivamente se e unha personaxe popular que ti defines como entrañable, aquí no falas de que se era unha mendiga, que se morrou rica, ti puseches aquí este pe de foto, eu non a coñecin, pero a fotografía me transmitiu o que necesita unha estatua que é forza. É unha personaxe popular sen familia directa en Ares, polo que nos evitaría posibles conflitos con familiares directos, ninguén podería vir a dicir que si lle gusta ou non a Estatua, que si a considera indigna ou un motivo de mofa, a estatua non é unha homenaxe a ningúna persoa, como todas lembra un personaxe, e o que representaba esta muller estaba moi extendido pola España dos anos 50, e posiblemente o que pasara Hermelinda o pasaron moitos máis cidadáns de Ares, era a época de vestir cun saco de patacas, a época da leite americano no Colexio, semianalfabetismo e desestructuración social, era a época da dictadura sen liberdade e en consecuencia da discriminación total e absoluta a muller. Non e máis que un recordo dun personaxe que ti presentaches de maneira moi agradable, no libro que publicaches, que foi a elección dun artista, cando se lle encarga unha estatua a Miguel Couto, se lle entrega este libro para que se inspire, e se fixa nesta fotografía e di que ten moita forza como escultura, non é unha homenaxe a ninguén, e unha estatua sen máis inspirada nun personaxe popular de Ares. Si é certo que ti tiveches oito anos para facer as estatutas que quixeras, a estatua non de Hermelinda non representa nada, responde o que vimos en Santiago coas dous Marías, as dúas estatuas que hai na Alameda, tamén son dúas mulleres extrañas no sentido de que tiñan unha vida excepcional, eran motivo de mofa por parte dos estudantes, porque non estaban moi ben da cabeza, pero como personaxes populares se lles fixo unha estatua en plena Alameda de Santiago polo Concello de Santiago e ninguén di porque se lles fai unhas estatuas a dúas mulleres que vestían de cores chamativos, se pintaban practicamente como paiasos e estaban mal da cabeza, e unha homenaxe sentido a personaxes populares, como aquí a Hermelinda. Vamos a seguir poñendo estatutas, esta estatua é gratis total, non saíu nin unha peseta, das arcas municipais, esta estatua a pagou Política Territorial, xa temos en mente unha segunda estatua e responderá os parámetros, dun pobo que non soamente recorda súa



historia e seu patrimonio, senón dalgunha maneira os personaxes que como ti dis aquí o fixeron entrable e popular.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as once horas e cincuenta minutos do día ó comenzó sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,